



Asociación de Familias de
Alumnado NEAE

A Cañiza - Pontevedra

Por: Marta Rodríguez Márquez

NATURAIS

OS SERES VIVOS NO SEU MEDIO



Asociación de Familias de Alumnado NEAE.

Na Terra hai moitos lugares diferentes, e en case todos hai seres vivos:



OCÉANOS



DESERTOS



ZONAS SUBTERRÁNEAS



ZONAS DE ALTA MONTAÑA



CHAIRAS



ZONAS XEADA

A ADAPTACIÓN DOS SERES VIVOS

Os seres vivos forman **COMUNIDADES** formadas por plantas, animais e outros seres vivos (fungos, algas, bacterias...)

Os seres vivos viven **ADAPTADOS** ao seu medio



Están preparados para sobrevivir no lugar onde viven.

ADAPTACIÓN:

Conxunto de características do **CORPO** ou do **COMPORTAMENTO** dun ser vivo, para poder sobrevivir no medio que lle rodea.



TIPOS DE ADAPTACIÓNS:




ADAPTACIÓNS AO LUGAR



Os peixes teñen aletas para moverse pola auga.



Os animais das zonas polares teñen peles grosas para protexerse do frío.



As plantas do deserto teñen espiñas para non perder auga.

ADAPTACIÓNS PARA CONVIVIR CON OUTROS SERES VIVOS



Os animais carnívoros teñen dentes afiados para poder cazar outros animais.

Algúns insectos cambian de cor para esconderse dos animais que os queren cazar.



OS ECOSISTEMAS

Un ECOSISTEMA é un conxunto formado por:



Un **LUGAR** cunhas **características físicas** determinadas.

Tipo de rochas e chan

Zona con ou sen auga

Temperatura

Cantidade de luz

Calidade do aire



Unha **COMUNIDADE** de seres vivos **ADAPTADOS**.

Un conxunto de **RELACIONES** entre os seres vivos.



COMO FUNCIONAN OS ECOSISTEMAS

Os ECOSISTEMAS funcionan segundo as **RELACIÓNS** entre os seus compoñentes:

AS RELACIÓNS ENTRE OS
SERES VIVOS.

AS RELACIÓNS DOS SERES
VIVOS CO MEDIO NO QUE
ESTÁN.

A relación máis importante
entre os seres vivos é a
RELACIÓN ALIMENTICIA.

Segundo a RELACIÓN
ALIMENTICIA, os seres
vivos poden ser:

Para que un **ECOSISTEMA** se manteña en
EQUILIBRIO, sempre debe haber suficientes
produtores, consumidores e descompoñedores.

PRODUCTORES: fabrican alimentos nos ecosistemas.
Son as **PLANTAS** e as **ALGAS**.



CONSUMIDORES: Aliméntanse comendo a outros
seres vivos. Son os **ANIMAIS**.




DESCOMPOÑEDORES: Descompoñen os restos
doutros seres vivos. Son os **FUNGOS** e as **BACTERIAS**.




A RELACIÓN ALIMENTICIA

CONSUMIDORES


PRODUCTORES




As plantas e as algas fabrican alimento.



As plantas e as algas utilizan as substancias para fabricar alimento.



DESCOMPOÑEDORES



Cando os animais morren, os fungos e as bacterias, descompóñenos e trasnsfórmanos en substancias.



Os animais aliméntanse das plantas ou de outros animais.



OS CAMBIOS NO ECOSISTEMA

Os **CAMBIOS** nos **ECOSISTEMAS** poden ser

NATURAIS

ou

**CAUSADOS
POLO HOME**



- Variacións de luz e temperatura entre o día e a noite.

- Cambios atmosféricos das estacións do ano.

- As mareas.



- As migracións dos animais.



- Actividades humanas: semente e colleita de cultivos



**CAMBIOS
HABITUAIS**

Non alteran o ecosistema



**CAMBIOS
EXTRAORDINARIOS**

Alteran o ecosistema



- Catástrofes naturais.



- A caza ou a pesca.



- A contaminación.



- Cambios nas actividades humanas.



Asociación de Familias de Alumnado NEAE.

O SER HUMANO NOS ECOSISTEMAS



Os SERES HUMANOS somos seres vivos
CONSUMIDORES porque nos alimentamos de outros seres vivos.



Tamén somos **SUPERCONSUMIDORES** porque obtemos dos ecosistemas outros materiais que necesitamos: madeira, medicamentos, fibras, combustibles...



Os seres humanos **DEPENDEMOS** do **EQUILIBRIO DO ECOSISTEMA** para sobreviver.

OS CAMBIOS QUE PRODUCE O SER HUMANO NOS ECOSISTEMAS

Os seres humanos ocasionamos moitos **CAMBIOS** nos **ECOSISTEMAS**. Ás veces alterámoslos ou destruímoslos.

TRANSFORMAMOS OS ESPAZOS NATURAIS:

- Convertemos selvas e bosques en zonas de cultivo.
- Ocupamos zonas mariñas con piscifactorías.
- Ocupamos territorios con cidades, portos, estradas, industrias...



FACEMOS DESAPARECER SERES VIVOS:

- Pescamos e cazamos.
- Introducimos nos ecosistemas animais doutros lugares.



CONTAMINAMOS:

- Botamos residuos ao aire, á auga e ensuciamos os ecosistemas.



PODEMOS PROTEXER OS ECOSISTEMAS:

- Protexendo os **espazos naturais** que quedan.
- Consumindo con responsabilidade, **sen esgotar** os **recursos**.
- Reducindo a **contaminación**.

EXERCICIOS

1- Une cada palabra coa zona da Terra á que corresponde:

Océano



Deserto



Chaira



Zona de alta montaña



Zona xeada



Zona subterránea



2- Os seres vivos, viven formando

- a) Chairas.
- b) Grupos de animais.
- c) Comunidades.

3- Os seres vivos, relacionanse uns cos outros nas comunidades?

_____.

Que tipos de seres vivos forman unha COMUNIDADE?

1- _____

2- _____

3- _____

4- Que é a FLORA?

a) Un conxunto de rochas dunha paisaxe.

b) Un conxunto de animais.

c) Un conxunto de plantas.

5- Que é a FAUNA?

a) Un conxunto de plantas.

b) Un conxunto de animais.

c) Un conxunto de plantas e animais.

6- Ademáis das plantas e dos animais, que outros seres vivos hai?

_____.

7- Os seres vivos dunha comunidade están ADAPTADOS, é dicir,

a) están preparados para sobrevivir no lugar onde viven.

b) están preparados para sobrevivir en calquera lugar da Terra.

c) non están preparados para sobrevivir.

8- A ADAPTACIÓN é o conxunto de características do _____

**e do _____ dun ser vivo, que lle permite
_____ no medio que lle rodea.**



9- Relaciona:




Os peixes teñen aletas
para moverse pola auga.



Os animais carnívoros
teñen dentes afiados
para poder cazar a outros animais.



Os animais das zonas polares teñen
peles grosas para protexerse do frío.



As plantas do deserto teñen espiñas
para non perder auga.



Algúns insectos cambian de cor
para protexerse dos animais que
os queren cazar.

**ADAPTACIÓN
AO MEDIO**

**ADAPTACIÓN
PARA CONVIVIR CON
OUTROS ANIMAIS**

10- Un ecosistema é:

- a) Un conxunto de relacións entre os seres vivos dunha comunidade.
- b) Un conxunto formado polos animais e as plantas dun lugar da Terra.
- c) Un conxunto formado por un lugar determinado, unha comunidade de seres vivos adaptados, e un conxunto de relacións entre eses seres vivos.

11- Colorea os seguintes ecosistemas. Describe as ADAPTACIÓNS ao lugar e para convivir con outros animais, e as RELACIÓNS entre os seres vivos, que vexas nos dous debuxos.



ADAPTACIÓNS

RELACIÓNS

EXERCICIOS

1- Os ecosistemas funcionan mediante:

- a) a relación entre os seus compoñentes.
- b) a relación entre as plantas e os animais.
- c) a relación entre os animais e a auga.

2- Relaciona:



Os peixes viven na auga.

**RELACIÓN ENTRE OS
SERES VIVOS**



A vaca come plantas.

**RELACIÓN ENTRE OS
SERES VIVOS E O
MEDIO NO QUE ESTÁN**



O oso polar vive en zonas xeadas.



O león caza para alimentarse.

3- A relación máis importante entre os seres vivos é

- a) a relación afectiva.
- b) a relación co medio.
- c) a relación alimenticia.

4- Segundo a RELACIÓN ALIMENTICIA, os seres vivos poden ser:

1- _____

2- _____

3- _____

5- Os seres vivos produtores:

- a) fabrican alimentos nos ecosistemas.
- b) aliméntanse doutros animais.
- c) teñen que cazar para poder alimentarse.

6- Os seres vivos consumidores:

- a) fabrican os seus propios alimentos.
- b) aliméntanse doutros animais.
- c) aliméntanse de plantas ou doutros animais.

7- Os seres vivos descompoñedores:

- a) aliméntanse de plantas.
- b) viven en zonas onde non hai auga.
- c) descompoñen os restos de animais e transfórmanos en substancias.

8- Relaciona:

PRODUCTORES

FUNGOS E BACTERIAS

CONSUMIDORES

PLANTAS

DESCOMPOÑEDORES

ANIMAIS




9- Para que un ECOSISTEMA se mantenga en EQUILIBRIO,

- a) debe haber más productores que consumidores.
- b) debe haber menos descomponedores que productores.
- c) debe haber suficientes productores, consumidores e descomponedores.

10- Coloca las flechas necesarias para explicar la RELACIÓN ALIMENTARIA entre los seres vivos.

As plantas fabrican alimento.




Os animais aliméntanse das plantas ou de outros animais.



As plantas e as algas utilizan as substancias para fabricar alimento.

Cando os animais morren, os fungos e as bacterias, descompóñenos e trasnsfórmanos en substancias.



EXERCICIOS

1- Os cambios nos ecosistemas poden ser:

- a) naturais.
- b) artificiais.
- c) naturais ou causados polo home.

2- Relacciona:

Cambios habituais

Alteran os ecosistemas

Cambios extraordinarios

Non alteran os ecosistemas

3- Indica se as seguintes imaxes son de cambios **naturais (N)** ou **causados polo home (H)**, e se son **habituais (HA)** ou **extraordinarios (EX)**.



4- Os seres humanos nos ecosistemas somos:

- a) Productores.
- b) Consumidores.
- c) Descompoñedores.

5- Escribe o nome de 4 materiais que o ser humano obten dos ecosistemas.

- 1- _____
- 2- _____
- 3- _____
- 4- _____

6- Como os seres humanos obtemos moitos materiais dos ecosistemas, podemos considerarnos:

- a) Coidadosos co medio ambiente.
- b) Superconsumidores.
- c) Pouco consumidores.

7- Os seres humanos dependemos do _____ dos ECOSISTEMAS, para sobrevivir.

8- Pon 1 exemplo de cada un dos cambios que ocasionamos nos ecosistemas:

TRANSFORMAMOS OS ESPAZOS NATURAIS.

FACEMOS DESAPARECER ANIMAIS.

CONTAMINAMOS.



9- Cal de estas afirmacións é correcta?

- a) Para protexer os ecosistemas debemos ensuciar o aire e a auga, consumir con responsabilidade e protexer os espazos naturais.
- b) Para protexer os ecosistemas debemos eliminar a contaminación, consumir con responsabilidade, e incendiar os espazos naturais.
- c) Para protexer os espazos naturais debemos eliminar a contaminación, consumir con responsabilidade e protexer os espazos naturais.

10- Indica cales de estes cambios nos ecosistemas son **beneficiosos (B) ou **perxudiciais (P)** para os ecosistemas:**

- O frío que fai cando neva no inverno.
- A luz que entra pola ventá cando amence.
- O lume que queima as árbores do monte.
- Os paxaros que voan buscando un lugar máis quente.
- O fume das industrias que van ao aire.
- A marea que sube.
- Sementar patacas na horta.
- Un furacán.
- Pescar sen permiso.
- Botar lixo ao chan.
- Animais que viaxan en busca de comida.

11- Escribe 3 exemplos de cousas que podes facer para protexer o ecosistema no que vives.

- 1- _____
- 2- _____
- 3- _____



EXERCICIOS de REPASO

1- Os seres vivos da Terra viven

- a) aillados.
- b) en comunidades.
- c) en zonas subterráneas.

2- As comunidades de seres vivos están formadas por:

- a) unha fauna.
- b) unha flora.
- c) unha fauna, unha flora e outros seres vivos.

3- Que os seres vivos están ADAPTADOS quere dicir que:

- a) están preparados para sobrevivir no lugar onde viven.
- b) non están preparados para sobrevivir no lugar onde viven.
- c) non están preparados para vivir sen auga.

4- A ADAPTACIÓN é:

- a) un conxunto de actividades que ten que facer un animal para sobrevivir.
- b) un conxunto de características do corpo e do comportamento dun ser vivo para sobrevivir no medio que lle rodea.
- c) un conxunto de características das plantas para medrar cara a luz.

5- Qué tipos de adaptacións fan os seres vivos?

- a) adaptación ao lugar e entre os seres vivos para poder convivir uns cos outros.
- b) adaptacións ás costumes dun lugar.
- c) non fan ningún tipo de adaptación.



6- Os peixes teñen aletas para desplazarse pola auga. Esta é unha adaptación:

- a) ao lugar no que viven.
- b) a outros animais.

7- Os animais carnívoros teñen dentes afiados para cazar a outros animais. Esta é unha adaptación:

- a) ao lugar no que viven.
- b) a outros animais.

8- Un ECOSISTEMA é un conxunto formado por:

- a) un lugar, unha comunidade de seres vivos adaptados, e un conxunto de relacións entre os seres vivos e o lugar no que viven.
- b) un lugar, un conxunto de plantas.
- c) Un lugar, un conxunto de plantas e un conxunto de animais.

9- Os ecosistemas funcionan mediante:

- a) as características dos seres vivos.
- b) a relación entre os animais.
- c) as relacións entre todos os seus compoñentes.

10- A relación máis importante entre os seres vivos dun ecosistema é:

- a) a relación afectiva.
- b) a relación alimenticia.
- c) a relación coa auga e o sol.

11- Segundo a RELACIÓN ALIMENTICIA, os seres vivos poden ser:

- a) produtores e consumidores.
- b) plantas, animais, fungos e bacterias.
- c) produtores, consumidores e descompoñedores.



12- Os animais PRODUCTORES son:

- a) As plantas e as algas.
- b) Os animais.
- c) Os fungos e as bacterias.

13- Os animais CONSUMIDORES son:

- a) As plantas e as algas.
- b) Os animais.
- c) Os fungos e as bacterias.

14- Os animais DESCOMPOÑEDORES son:

- a) As plantas e as algas.
- b) Os animais.
- c) Os fungos e as bacterias.

15- Para que un ECOSISTEMA se manteña en EQUILIBRIO,

- a) debe haber máis produtores que consumidores.
- b) debe haber menos descompoñedores que produtores.
- c) debe haber suficientes produtores, consumidores e descompoñedores.

16- Os cambios nos ecosistemas poden ser:

- a) naturais.
- b) artificiais.
- c) naturais ou causados polo home.

17- Os cambios habituais

- a) alteran e destrúen os ecosistemas.
- b) non alteran os ecosistemas.



18- Os cambios extraordinarios

- a) alteran e destrúen os ecosistemas.
- b) non alteran os ecosistemas.

19- Os seres humanos nos ecosistemas somos:

- a) Productores.
- b) Consumidores.
- c) Descompoñedores.

20- Como os seres humanos obtemos moitos materiais dos ecosistemas, podemos considerarnos:

- a) Coidadosos co medio ambiente.
- b) Superconsumidores.
- c) Pouco consumidores.

21- Para sobrevivir, os seres humanos dependemos:

- a) de que no ecosistema haxa alimento de sobra.
- b) de que no ecosistema non haxa demasiadas plantas.
- c) do equilibrio do ecosistema.

22 - Como cambiamos os ecosistemas?

- a) Transformando as materias primas e cazando.
- b) Cazando e eliminando a contaminación.
- c) Transformando espazos naturais, facendo desaparecer animais e contaminando.

23 - Para protexer os ecosistemas debemos:

- a) ensuciar o aire e a auga, consumir con responsabilidade e protexer os espazos naturais.
- b) eliminar a contaminación, consumir con responsabilidade, e incendiar os espazos naturais.
- c) eliminar ou reducir a contaminación, consumir con responsabilidade e protexer os espazos naturais.

24- Debuxa un ecosistema e indica as adaptacións e as relacións entre os seus compoñentes.
